



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 26 - ABRIL - 07

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### CAMPAÑA DA RAPA 2007.

#### Novedades.

Neste ano 2007 os 2 equipos de rapadores de OVICA levarán consigo colledores. Isto suporá un pequeno incremento nos prezos. Confiamos en dar un mellor servizo ós gandeiros/as.

#### Condições.

1. Comida e aloxamento por conta dos rapadores.
2. Os rapadores levan unha persoa que se encarga de coller as ovellas.
3. Haberá un recinto que facilite o traballo de coller e rapar as ovellas según indiquen os rapadores.
4. Porase á disposición dos rapadores unha toma de electricidade para conectar as máquinas.
5. Deberá de haber bebidas (**non alcohólicas**) a disposición dos rapadores durante o traballo.
6. Ante calquer problema chamar inmediatamente a OVICA para tratar de solucionalo.

#### IMPORTANTE

Este ano recibiredes ofertas de grupos de rapadores que en anos anteriores traballaron para OVICA xa que estes grupos teñen os listados de socios/as de OVICA de anos anteriores.

Os traballadores procedentes dos países do este que se integraron na UE non precisan permisos de traballo, pero deben de estar dados de alta na Seguridade Social, en facenda e no imposto de actividades.

Probablemente os prezos que oferten estes grupos serán máis baixos que os dos rapadores de OVICA. Ninguén garantirá que traballen cos papeis en regra. En caso de haber inspeccións o gandeiro/a é responsable deses traballadores e pode ser sancionado con importantes cuantías económicas.

Solamente contratando os rapadores a través da Asociación poderemos garantir que:

1. Teñan os papeis en regra.
2. Teñan as debidas altas na seguridade social.
3. Se rapen todos os rebaños da asociación cun mesmo prezo e nas mesmas condicións.

TODOS OS SOCIOS/AS DEBEN DE FACER O PAGO DA RAPA A TRAVÉS DE OVICA. ESTE O MELLOR XEITO DE COMPROBAR QUE O EQUIPO CO QUE SE RAPA É O DE OVICA E O DE GARANTIR O ÉXITO DA CAMPAÑA.

**PREZO SOCIOS/AS - 1,50 € / ovella.**

**PREZO NON SOCIOS/AS - 1,80 € / ovella.**

### CURIOSIDADES:



Comedeiro central para herba e cereais. Abastece a 4 parideiras.  
Juan Veres (Guitiriz - Lugo)

### RAZAS: Cabra Bermeya Asturiana



Orixe: Asturias.

Características: Raza autóctona en perigo de extinción. Animal rústico ben adaptado á vida na montaña.

Producción: Explótanse xeralmente de forma extensiva para a produción de carne e leite.

**ACRIBER (Asociación de Criadores de Cabra Bermeya y Oveja de los Picos)**



# CAIXA RURAL GALEGA

## ACTIVIDADES:

### Participación no congreso de comunidades de montes

Xunto coa asemblea xeral anual, a Organización Galega de Comunidades de montes celebrou unhas xornadas que tiveron como título "Novos Retos Socioeconómicos para o Monte Veciñal", en Outes o día 24 de marzo de 2007. OVICA e COVIGA participaron nunha mesa redonda



## AXUDAS.

### Métodos de prevención de ataques de lobo.

No DOGA do 28 de marzo de 2007 sae publicada a orden que ten como obxectivo establecer unha liña de axudas para incentivar a adquisición de elementos preventivos e disuasorios dos ataques do lobo ao gando saneado das especies vacún, caprina, ovina, así como da equina.

Ao abeiro desta orde, subvencionarase:

- Adquisición de cans mastíns.
- Uso de pastores eléctricos.
- O emprego de curros.
- Instalación de detonadores de propano.

**Prazo de solicitude ata o día 28 de abril 2007.**

## CONVENIOS.

### Prevención de ataques de lobo.

A Consellería de Medio Ambiente amplía o convenio de colaboración, asinado por primeira vez o ano pasado, coa a Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia (Ovica) para a protección dos rabaños diante dos ataques dos lobos mediante a cría de mastíns leoneses. O convenio asinado polo conselleiro, Manuel Vázquez e a presidenta de Ovica, Araceli Pillado, prevé a cría e o adestramento dos mastíns ao longo deste ano, para o que OVICA contará cunha axuda de 30.000 € por parte da Consellería de Medio Ambiente. Esta contía vese incrementada nun 40% respecto ao ano pasado, no que o departamento autonómico, a través da dirección xeral de Conservación da Natureza, concedeu 18.000 €.

OVICA ocuparase da adquisición dos mastíns, que posteriormente son entregados aos seus asociados/as. Este ano, como novidade, realizaranse accións formativas, destinadas aos gandeiros/as e dirixidas á adopción de medidas preventivas fronte ós ataques de lobos.



*A presidenta de OVICA co Conselleiro de M. A. no momento da sinatura do convenio*

## PREMIOS.

### Acto de entrega dos premios AGADER 2006.

O pasado 16 de marzo celebrouse en Allariz o acto de entrega do premios AGADER 2006. A presidenta de OVICA recibiu, de mans do Conselleiro do Medio Rural, o 1º premio ás iniciativas de desenvolvemento rural. Neste acto participaron, ademais dos premiados, representantes de institucións e colectivos relacionados co medio rural.



## ACTIVIDADES:

### I Curso de Rapa de OVICA.

Na fin de semana do 31 de marzo e 1 de abril celebrouse na Escola Silvo-Pastoril de Allariz o I Curso de Rapa organizado por OVICA. Este primeiro curso foi impartido polo rapador profesional, e socio de OVICA, Adriano Borrás e nel participaron 8 alumnos. Este curso contou coa colaboración da Fundación Ramón G. Ferreiro, do Concello de Allariz e de GRUPANOR S.L.



## FEIRAS:

### Foresgal.

Ovica participou cun stand na 1ª edición desta feira que se celebrou no pazo de exposicións de Lugo do 23 ó 25 de marzo.

Foresgal é un espazo de encontro entre os diversos sectores vencellados ó monte galego.

